

5. XEOGRAFÍA E HISTORIA 2º ESO

Secuenciación e temporalización

- 1ª Avaliación: do Tema 1 ao Tema 7
- 2ª Avaliación: do Tema 8 ao Tema 12
- 3ª Avaliación: do Tema 13 ao Tema 17

Non obstante, poderá modificarse esta orde en función das circunstancias e o criterio do profesor. Incluso poderá suprimirse algún tema ou engadir algún contido de outros, sempre que se xustifique e o Departamento o considere oportuno. Se se deran cambios recolleríanse na Memoria de final de curso.

Contidos mínimos

Xeografía

- O mapa político do mundo, de Europa, de España e de Galicia.
- A poboación mundial: O movemento natural da poboación. Datos básicos. Evolución histórica da distribución da poboación. Análise da desigual distribución mundial da poboación. Poboamento rural e poboamento urbano.
- A dinámica da poboación: Os movementos naturais. As migracións. A mobilidade da poboación: modalidades, etapas, causas e consecuencias. As grandes correntes migratorias do mundo actual. Análise do fenómeno migratorio en Galicia. O crecemento demográfico.
- A estrutura demográfica. Composición da poboación segundo a idade e o sexo.
- As tendencias demográficas: Poboación e recursos: a desigual distribución dos recursos. A fame no mundo. Desigualdades na dinámica da poboación mundial: ritmos de crecemento, superpoboación, envellecemento, migracións. Desertización demográfica. Políticas demográficas.
- As características da poboación en Europa, en España e en Galicia.
- As sociedades europea, española e galega.
- Un mundo urbanizado: Morfoloxía da cidade. Evolución das cidades. A transformación das cidades a partir da industrialización, como resposta ás novas necesidades sociais. Urbanización do territorio no mundo actual e xerarquización urbana. As cidades dos países desenvolvidos e as dos países subdesenvolvidos. Problemas das cidades e a xestión urbana.
- O poboamento e as cidades en España e en Galicia: O poboamento rural e urbano. A creación do espazo urbano: diferenciación social e funcional nas cidades españolas e galegas. Tendencias, problemas e planificación urbanas. Análise de cidades españolas e galegas.
- O poboamento galego: transformación das formas tradicionais e novo sistema urbano.

Historia:

- A fin da Idade Antiga.
 - O Imperio Bizantino: Localización e periodización. Economía, política e sociedade. Cultura e arte bizantinas.
 - O Imperio Carolinxio: Localización e periodización. Economía, política e sociedade. O

renacemento carolinxio: cultura e arte.

- O islam: Orixe e expansión do islam. Organización política, social e económica. Relixión, cultura e arte islámicas.
- A Idade Media: A sociedade, a economía e o poder na Europa feudal. O rexurdir das vilas, da cidade e o intercambio comercial. A nova organización social: burguesía, gremios e novas institucións políticas. O final da Idade Media.
- A crise do século XIV
- Cultura e arte medievais. O papel da Igrexa.
- A península Ibérica e Galicia na Idade Media.
- Al-Andalus e os reinos cristiáns. Evolución histórica: A forma de vida nas cidades cristiás e musulmás.
- Arte prerrománica, románica, gótica e mudéjar.
- Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.
- A Idade Moderna: Características do Estado moderno en Europa (do século XV ao XVII). Características da monarquía autoritaria. Potencias europeas.
- Novas mentalidades: Descubrimentos xeográficos. Humanismo e reformas relixiosas. Cultura e arte.
- Evolución social, política e económica da península Ibérica e de Galicia na época moderna.
- A monarquía hispánica. Evolución política e económica. A conquista e colonización de América e as culturas americanas.
- A fin da hexemonía española.
- Cara ao absolutismo: Economía, sociedade e demografía.
- A Galicia dependente agraria. Fidalgos e foreiros.
- Arte, ciencia e cultura na época moderna.
- Renacemento e Barroco en España. O Século de Ouro. O Barroco galego.

Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación estará presente en todo tipo de actividades e non só en momentos puntuais. Farase conforme aos obxectivos didácticos e criterios de avaliación propostos para o curso e para cada unidade didáctica e levarase a cabo mediante as seguintes actividades:

1) **Probos escritas** nas que o alumno teña que definir conceptos, realizar esquemas, e sempre utilizando o vocabulario axeitado. Permitirá valorar a adquisición de contidos conceptuais e procedimentais.

Realizaranse como **mínimo dúas probas escritas por avaliación** (trimestre), contemplándose, ademais, para aqueles alumnos/as que non superen as probas ordinarias, a posibilidade de facer en cada trimestre unha **proba de recuperación** (que, xunto coas actividades de recuperación, conforma os mecanismos de recuperación, tamén de referencia para aqueles alumnos que teñan a materia pendente).

2) Elaboración de **traballos monográficos** (individualmente e/ou en grupo), estruturados e con diversas fontes de información. Permitirán valorar o grao de comprensión de coñecementos e a súa correcta expresión, e, de ser o caso, a capacidade para traballar en equipo.

3) **Observacións directas**, que permitirán valorar o hábito de traballo do alumno, a súa participación, actitude, traballo en grupo, coidado e respecto polos materiais empregados

e interese cara a materia, así como a súa rapidez e/ou facilidade de comprensión de novos coñecementos.

4) **Caderno de traballo**, no que se reflectan os apuntes tomados en clase, resumes, fichas de síntese, as actividades realizadas. Inclúirá un Glosario de termos históricos que elaborará ao longo do curso. Tamén poderá ter un caderno electrónico coa información de internet e o seu álbum de imaxes. Este caderno permitirá valorar o traballo individual, a comprensión de conceptos e a súa expresión, organización e interese. Farase unha revisión periódica tanto dos seus contidos como da súa presentación.

Sistemas de cualificación

A **avaliación é continua**, e efectuarase a través da observación directa e rexistro do traballo e das actividades do alumno. Darase especial valoración ao esforzo e interese que cada alumno mostre no seu proceso de aprendizaxe. As avaliacións serán tres, que coincidirán aproximadamente con cada trimestre e segundo se fixen no centro.

Para superar cada avaliación o alumno deberá realizar as probas obxectivas sobre os temas tratados e aprobalas, así como ter feitos nos cadernos da materia tódolos traballos da clase que sexan programados para cada un dos temas. A cualificación final de cada avaliación-trimestre será o resultado da suma de:

- **80 % da media entre a probas escritas previstas por avaliación (valor 8 puntos):**
 - Para facer media hai que ter como **mínimo un 2 en cada proba**.
 - Terase en conta a **corrección ortográfica e gramatical**, descontando **ata un máximo de 1 punto por exame**.
 - **saber situar no tempo os feitos que se estudan**, de maneira que nas probas escritas deberá indicarse sempre a cronoloxía; de non aparecer o profesor poderá restar ou incluso non puntuar a pregunta.
- **10 % traballo diario**, elaboración de traballos, caderno, exercicios (**valor 1 punto**).
- **10 % actitude**, interese, participación, respecto, compromiso e interese do alumno (**valor 1 punto**).
- A maiores o alumno poderá facer unha elaboración voluntaria e optativa de pequenos traballos de investigación que servirá para **incrementar a puntuación ata un punto** (incrementará a cualificación **sempre que esta sexa igual ou superior a 5**).

Cando un alumno non se presente a un exame terá que presentar un xustificante oficial ou non se lle repetirá o exame.

O alumno ten a obriga de traer o material axeitado (libro de texto e material solicitado polo profesor), de non facelo habitualmente (5 sesións por avaliación) sen xustificación será **penalizado ata cun 30% de desconto na nota da avaliación**.

O profesor pode **descontar ata un 30% da nota final de avaliación ós alumnos que amosen especial desinterese ou alteren a orde na clase** (falar continuamente, levantarse sen permiso...), aínda que o seu rendemento académico fose sobresaliente. **Para descontar dita puntuación, o profesor informará previamente por escrito ao profesor-tutor do alumno**.

Ao intentarmos levar á práctica un modelo de avaliación continua, consideramos que as faltas de asistencia inxustificadas ou non xustificables son totalmente contrarias a este proceso, polo se non hai asistencia continua o alumno en cuestión **perderá o dereito á avaliación continua** e terá que presentarse ao exame final de xuño que incluírá toda a materia. Para a súa superación haberá que obter unha cualificación mínima de 5.

En cada avaliación os alumnos que non consigan alcanzar os obxectivos propostos farán unha proba de **recuperación trimestral** (suporá **90% da nota**) e poderán facer tamén **actividades de reforzo (10%)**. A nota da recuperación poderá ter unha **rebaixa final dun 10%**, sempre que non supoña baixar do 5, e segundo o criterio do profesor, quen ponderará segundo as anotacións diarias feitas sobre os alumnos. De non superarse as recuperacións, o alumno terá que presentarse ás probas finais de fin de curso.

En **xuño**:

- farase a **proba de toda a materia para aqueles alumnos que non aprobasen ningunha avaliación**. Para superar a materia o alumno terá que acadar, como mínimo un 5.
- Igualmente para o alumnado que tivera unha ou dúas avaliacións suspensas farase unha proba por cada avaliación suspensa. A cualificación final neste caso será o resultado da nota media das avaliacións, tanto das aprobadas como das que non fosen superadas.

En **setembro**:

alumno que non fose avaliado positivamente en xuño deberá examinarse de toda a materia na avaliación final **extraordinaria**, por considerarmos esta proba como algo global.

Programa de reforzo e recuperación da materia pendente

O alumnado con materias pendentes correspondentes a este departamento realizará a pertinente proba de avaliación no mes de maio, cando oportunamente se fixe por parte da dirección do centro de acordo coa normativa en vigor.

De non superar a proba correspondente ao mes de maio, deberán volver realizala no mes de setembro na avaliación extraordinaria.

O profesorado encargado da materia, ou no seu caso o xefe de departamento, informará e orientará o alumnado que o precise sobre actividades que poida desenvolver de cara á recuperación da materia. Neste contexto contéplanse medidas como a elaboración de traballos e actividades de reforzo, lectura de bibliografía, ensaio con modelos de exame anteriores, ademais das probas finais e extraordinarias xa mencionadas.